

29. XUL 04 02874

En relación á consulta realizada polo Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur por escrito de 8 de xuño de 2004, sobre a cumprimentación de datos académicos solicitados en inglés, e en particular polos solicitados pola North Carolina State University en relación a unha licenciada pola USC,

ESTA SECRETARÍA XERAL comunícalle:

1. O secretario xeral poderá asinar as follas de verificación de datos académicos de titulados da USC que presenten en inglés as Universidades ou outros organismos, co consentimento expreso dos titulados afectados, unha vez que ditos datos sexan verificados polos servizos de xestión académica da USC. Esta práctica ten como obxecto facilitar a estes titulados a obtención dos requisitos que lles son esixidos para a súa contratación no estranxeiro, particularmente en relación con licenciados en Medicina que desexan ser contratados nos Estados Unidos.
2. Tendo en conta o anterior, as Unidades de Xestión Académica, unha vez comprobado o consentimento do titulado, poden cubrir os impresos remitidos en inglés cos datos académicos solicitados que poden ser obxecto dunha certificación académica, para a sinatura do secretario xeral. Non obstante, debe terse en conta que a referida verificación de datos non é unha certificación académica, e unicamente ten a validez que lle queiran recoñecer os organismos solicitantes.
3. A práctica exposta resulta da vontade de apoio aos egresados da USC e non dunha obriga legal, polo que unicamente debe levarse a efecto sen menoscabo do servizo que debe prestar a Universidade.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2004

 O SECRETARIO XERAL
Por R.R. do 13 de xullo de 2004
A Vicerreitora de Extensión Cultural
e Servizos

María Mar Lorenzo Moledo

Xefe do Servizo de Xestión Académica
Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur